



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO
R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo
15406 (Ferrol)
Tel./Fax.: 981 32 47 12
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com



DETRÁS DUN GRAN DEPORTISTA HAI UN GRAN PAI (E UNHA GRAN NAI POR SUPOSTO...)

Ao noso retoño tocoulle crecer nunhas rúas nas que xa só circulan coches, e para poder arrancalo das garras do *sillón-ball* e del mundo virtual abocado á obesidade, apuntámolo a actividades extra-escolares e sobre todo a algún deporte.

Os nosos motivos son distintos: o desexo de sacalo de casa (ou de quitalo de enriba), de corrixir algún problema físico, cambiar un aspecto da súa personalidade (vencer a timidez, aumentar a sociabilidade, a autoestima, aprender a defenderse...), porque é algo moi “san” e os seus padres xa practicaban ese mesmo deporte e hai que seguir “a tradición familiar”, porque o neno apunta maneiras, porque o fillo da veciña tamén o practica e non imos ser menos (iha!), porque fanme prezo por familia numerosa... En fin, que entorno aos 4 ou 5 anos, temos ao neno practicando deporte intensamente. Polo que nos concirne, a natación...



Despois duns anos, resulta que o moi cabritiño é realmente bo je por méritos propios! De cabeza ao “club”. Entón toca implicarse aínda máis, se é que non eran suficientes as idas e voltas diarias e as horas mortas esperando tras unha cristaleira, agora tocan as competicións, os longos desprazamentos e os desembolsos varios. E xa que estamos, a implicación persoal e directa “aquí estamos para o que faga falta”. Sabémonos de memoria os tempos do neno e de todo o equipo se é preciso. Pasamos a ser “manager” e “personal trainer” e inclusive verdadeiros psicólogos ou sarxentos dos “marines” cando o chaval vense a baixo (a idade do pavo) e non quere continuar, porque agora que chegamos até aquí, imos continuar... Xa estamos competindo e dándoo todo, xa non se pode faltar a ningún maldito adestramento. Inclusive toca perderse algún outro acontecemento: a comuñón do curmán, os cumpres, a panda; a outra parte da vida social que tamén é necesaria. Xa nolo tomamos tan a peito como o crío, xa é algo persoal porque nós tamén deixámonos parte do pelexo en todo isto.

Agora vén o mellor: o rapaz é un verdadeiro “crack” e xa toca dedicación exclusiva, centro de alto rendimento, e inclusive escoller entre deporte e estudos, compaxinalo a duras penas a sabendas que o noso fillo terá que pasar por un sacrificio tremendo (hai que darlle máis vitamina). A miúdo preguntarse se paga a pena e se realmente vai a vivir diso. Discutir co parente (esa é outra) porque un pensa que o deporte era só unha forma de sentirse ben e o outro “o competitivo” pensa que un deporte é unha cousa moi seria, que compítese igual no deporte que na vida, que hai que loitar, ser o mellor.... imos... “Braveheart” no che digo...

Ben, o motivo do meu discurso é recoller opinións e experiencias dos pais sufridores porque sei que calquera que lea estas liñas síntese identificado e ten algo que engadir. Queremos moito aos nosos fillos, apoiámoslos, motivámoslos, sacrificámonos por eles e hoxe merecémonos que se fale de nós. Estamos con eles neste barco, aínda que eles nadando e nós remando, así que veña... Cántame algo...

O equipo de redacción da revista *Pista Catro*

Entre nós, comentáronme por aí que os que practican un deporte individual como pode ser a natación son mellores estudantes, de feito temos unha grande porcentaxe de universitarios no club, non está mal ¿eh? Algo teremos que ver nisto, seguro.